

EXEMPLO FICHA ORGANISMO


SERRA DO COUREL (Lugo), zona ZEPVN e parte da Reserva da Biosfera Ribeira Sacra e Serras de Oribio e Courel

Nome común ou vulgar en galego, castelán e inglés: teixo, tejo, yew.

Nome científico: *Taxus baccata*

1. Adaptacións que presenta:

- O teixo ten follas perennes que lle permiten realizar a fotosíntese durante todo o ano.
- A súa casca é grosa e resistente, protexéndoo das condicións climáticas adversas e de posibles danos.
- Produce toxinas nas follas, sementes e casca, que o protexen dos herbívoros.
- Os froitos, que non velenosos, son pequenos e vermellos, cunha cobertura carnosa que atrae as aves, que axudan na dispersión das sementes.



2. Hábitat e xeito de vida:

- O teixo atópase en zonas montañosas e bosques húmidos de Galicia.
- Prefire solos que non encharcan e ricos en nutrientes.
- Medra a modo e pode vivir varios séculos, algúns exemplares alcanzan milleiros de anos.

3. Ameazas ás que está sometido:

- A deforestación e a perda de hábitat son ameazas importantes para o teixo.
- A explotación forestal pode reducir as súas poboacións.
- O cambio climático tamén pode afectar á súa supervivencia a longo prazo.